CASA MENOR 1614. BOIMORTO (A CORUÑA)



En VACA PODCAST

En vídeo

Javier Vázquez (á esqda.), antigo dono de Casa Menor, e José Manuel García, propietario actual

Unha remuda construída desde dentro sen os mesmos apelidos

Despois de máis de catro décadas dedicadas á gandería, Javier Vázquez atopou a continuidade do seu proxecto en José Manuel García, un dos seus traballadores e unha persoa que levaba anos implicada na xestión diaria da granxa. Desde xaneiro de 2026, é el quen está á fronte dunha explotación que conserva boa parte da filosofía coa que medrou: xenética, boas forraxes, eficiencia e atención aos animais.

Reportaxe: Gemma Martínez
Produción audiovisual: Eva Sarmiento

Localización: Boimorto (A Coruña)
Propietario: José Manuel García
Traballadores: 2
N.º total de animais: 150
Vacas en muxido: 80
Media de produción: 36 l/vaca/día
Porcentaxe de graxa: 4,20 %
Porcentaxe de proteína: 3,50 %
Venda do leite: Entrepinares
Prezo do leite: 0,455 €/litro + calidades + IVE

O 1 de xaneiro de 2026 comezou unha nova etapa en Casa Menor 1614, situada en Sendelle, no concello coruñés de Boimorto. Javier Vázquez, despois de máis de corenta anos dedicados ás vacas de leite, xubilábase e deixaba a explotación en mans de José Manuel García. Non era o seu fillo nin outro familiar. Era un dos seus traballadores.

A transición, con todo, levaba tempo producíndose. José Manuel chegara á granxa en novembro de 2019 despois de acumular preto dunha década de experiencia traballando noutras explotacións. A súa entrada no sector fora case circunstancial. Comezara a súa vida laboral na construción e, tras quedar sen emprego en 2008, acabou probando sorte coas vacas animado polo seu irmán. "Naquela época pensei que podía probar. Comecei a traballar no sector gandeiro en 2010 e en Casa Menor afianceime", lembra.

Cando chegou a Casa Menor, xa tiña experiencia suficiente para incorporarse a practicamente todas as tarefas: muxido, reprodución, alimentación, silos e manexo do rabaño. Javier foi dándolle autonomía desde o principio. "En menos dun mes estaba integrado e en dous meses coñecía todos os animais", sinala José Manuel. Tamén participaba nas decisións e tiña acceso aos datos económicos da explotación. Cada ano revisaban xuntos os informes de xestión e, pouco a pouco, un foi cedendo responsabilidades mentres o outro as asumía.

JAVIER VÁZQUEZ: "TIÑA MÁIS OPCIÓNS, PERO ESTA ERA A PREFERIDA. O QUE NON ME GUSTARÍA SERÍA VER ISTO ABANDONADO"



Javier comezou a súa actividade coas vacas de leite arredor de 1982

"Nos últimos anos el xa empezaba a manexar case toda a granxa. Facía xestións, daba as vacas de alta e de baixa... Eu funme deixando e el foi collendo a remuda", resume Javier.

Cando comezou a achegarse a súa xubilación e quedou claro que non habería continuidade familiar, Javier buscou outras alternativas. A súa prioridade era que a explotación seguise funcionando e propúxolle a José Manuel a posibilidade de quedar con ela. "Tiña máis opcións, pero esta era a preferida. O que non me gustaría sería ver isto abandonado", afirma.

Para José Manuel tampouco foi unha decisión allea ao emocional. Despois de anos traballando alí, o rabaño e a propia granxa xa eran parte da súa vida. "Eu levaba aquí anos, cóllesslles cariño aos animais e pensei que pagaba a pena loitar por ela. E aquí estamos, mentres se poida seguir", desexa.

Ambos lamentan, iso si, que un traspaso destas características non atopase encaixe nas axudas existentes. Buscaron asesoramento para estudar distintas vías, pero ningunha se adaptaba á súa situación. Para Javier, facilitar que un traballador poida continuar unha explotación viable cando non existe remuda familiar debería ser unha das fórmulas que se tivesen en conta para evitar peches.

JOSÉ MANUEL GARCÍA: "EU LEVABA AQUÍ ANOS, CÓLLESLLES CARIÑO AOS ANIMAIS E PENSEI QUE PAGABA A PENA LOITAR"



JAVIER VÁZQUEZ: "A FINALIDADE ERA TER VACAS RENDIBLES, QUE ENFERMASEN O MENOS POSIBLE E QUE TRANSFORMASEN O QUE COMEN"


José Manuel segue centrando a súa mellora xenética no índice ICO

UNHA HERDANZA XENÉTICA QUE CONTINÚA

Se hai un ámbito que marcou a traxectoria de Casa Menor é a xenética. Javier comezou a súa actividade arredor de 1982, cando na casa había unha ducia de vacas e nin sequera dispoñían aínda dun establo independente. Cos anos foi ampliando e modernizando as instalacións, pero tamén incorporando coñecementos sobre alimentación, manexo, podoloxía e selección xenética. "Eu quería boas vacas, vacas eficientes, que transformasen o que comían", explica.

Esa formulación levou o rabaño a situarse durante anos entre os máis destacados de España por ICO e, segundo lembra Javier, chegou a ocupar o primeiro posto nacional. Con todo, recalca que aquela clasificación nunca foi o obxectivo en si mesmo: "A finalidade non era ser o número un, o dous ou o tres. A finalidade era ter vacas rendibles, que enfermasen o menos posible e que transformasen o que comen".

Para el, unha boa vaca debe reunir saúde, un ubre ben conformado, boas patas, capacidade e produción de quilos de graxa e proteína. Esa base continúa hoxe, aínda que José Manuel introduciu os seus propios criterios.

"Baseámonos sobre todo no ICO porque creo que te leva polo camiño do medio: nin só tipo, nin só leite. Leva un pouco de todo", explica o actual dono da gandería. A partir de aí, presta especial atención ás patas, aos ubres e aos caracteres de saúde. "Quero vacas funcionais, sas e que duren", resume. A media ICO actual da gandería é de 1.160 puntos.

Todo o rabaño está xenotipado e traballan case por completo con touros xenómicos e seme sexado. O convencional ten unha presenza testemuñal e, cando non se busca recría, utilizan cruzamentos cárnicos. Ademais, realizan transferencia de embrións a partir dos seus propios animais para multiplicar as liñas que consideran máis interesantes. "Non compro embrións, pero si aproveitamos a xenética que temos e intentamos mellorala", apunta José Manuel.

Así mesmo, a reprodución adáptase a cada animal. A primeira inseminación das xovencas adoita facerse arredor dos 14 meses, aínda que prima o seu desenvolvemento corporal sobre a idade exacta. Nas vacas manteñen un período de espera voluntario mínimo de 90 días e, en animais de alta produción capaces de soster ben a lactación, poden prolongalo ata os 140 ou 150.

PRODUCIR SEN RENUNCIAR AOS SÓLIDOS

Esta selección xenética, unida ao manexo e á alimentación, reflíctese nos resultados produtivos. As aproximadamente 80 vacas en muxido de Casa Menor acadan unha media anual próxima aos 36 litros por vaca e día, con arredor dun 4,20 % de graxa e un 3,50 % de proteína.

O rabaño completo rolda os 150 animais. Ademais das produtoras, contan cunhas 15 ou 16 vacas secas e realizan toda a súa propia recría.

Ás cifras produtivas suman un reconto de células somáticas que procuran manter próximo ás 100.000 células/ml. José Manuel concede boa parte do mérito á capacidade para detectar con rapidez calquera desviación e ao asesoramento da veterinaria responsable de calidade do leite. "Se unha vaca despunta, identifícase deseguida. Temos un equipo moi bo arredor da granxa e iso nótase", destaca.


A gandería mantívose entre os primeiros postos do *ránking* por índice ICO de Conafe durante moitos anos e foi recoñecida en case todas as edicións dos premios Exceleite

GUÍA DE SELECCIÓN

GTPI		
551HO06207	JACO	3608
551HO06773	JETLAG	3577
551HO06766	MITCH	3560
551HO06607	JOSH ALLEN	3541
551HO06740	LANDMAN	3534

MÉRITO NETO (NM)		
551HO06450	RETROSPECT	1255
551HO06740	LANDMAN	1211
551HO05276	VOUCHER	1198
551HO06862	JUMPSTART P	1192
551HO06773	JETLAG	1181

ICO		
DE000366482592	CABO RED P RDC	1313
HODEU000365902801	MCCAFFREY	1284
HODEU000365774682	REALSIDE	1284
HO840003283145495	JOSH ALLEN	1259
HODEU001407106134	SOYLENT	1255

LECHE (PTAM)		
551HO04987	MOLOKO	2307
551HO05276	VOUCHER	2106
551HO04636	LUCIOUS-P	2093
551HO04317	DAMON	2030
551HO06611	LIEV	2003

GRASA		
551HO06861	JENIUS	150
551HO04520	THORSON	145
551HO06007	JZ	143
551HO06773	JETLAG	141
551HO06450	RETROSPECT	141

PROTEÍNA		
551HO06766	MITCH	76
551HO06207	JACO	73
551HO05276	VOUCHER	73
551HO06607	JOSH ALLEN	71
551HO06101	YOUDONTSAY	70


TIPO		
515HO00486	SHG LEGO	3,76
551HO05528	LIQUIDCOURAGE	3,41
515HO00581	DIAGO	3,35
515HO00485	SHG LAZER RC	3,2
515HO00553	CUM LAUDE	3

UBRES		
515HO00486	SHG LEGO	2,59
202HO01971	GRENADIER	2,40
515HO00581	DIAGO	2,21
515HO00537	BRUMMEL	2,17
551HO05397	DRUMROLL	2,03

PATAS		
515HO00486	SHG LEGO	2,09
515HO00581	DIAGO	1,76
515HO00612	SANTINUS RC	1,71
515HO00398	RAMMSTEIN RED	1,68
515HO00568	UNDERDOG	1,67

RCI
Índice Robótico de la Vaca

Incorporando **NUEVOS rasgos de precisión** medidos por láser.



Naab Code	Nombre	RCI
551HO06341	BALLOT	7,8
551HO06607	JOSH ALLEN	7,3
551HO06861	JENIUS	7,1
551HO05404	BEAUFORD	7,1
551HO06611	LIEV	6,9
551HO05579	MASTERMIND	6,6
551HO06208	BRANDO	6,4
551HO06538	EUREKA	6,3
551HO05276	VOUCHER	6,3
551HO06740	LANDMAN	6,2
551HO06489	OPULENT P	6,1
551HO06101	YOUDONTSAY	6

Velocidad de ordeño = Producción de leche / Tiempo de ordeño
Promedio: 7,2 lb/min

Tiempo en el box =
Minutos por visita al robot (box)
Promedio: 7,7 min/visita

Velocidad efectiva de ordeño = Producción de leche / Tiempo en el box
Promedio: 4,4 lb/min

Albaitaritza GENETICS

Distribuidores de STgenetics desde 2008

info@albaitaritza.com
www.albaitaritzagenetics.com
948 500 343



Danlles acceso ao pasto tanto ás produtoras coma ás secas e xovencas

JOSÉ MANUEL GARCÍA: "DURANTE O DÍA, ELAS ESCOLLEN. PODEN COMER DENTRO, DEITARSE NAS CAMAS OU SAÍR AO PRADO. SON LIBRES"

A calidade hixiénico-sanitaria foi, de feito, outro dos distintivos históricos de Casa Menor. A explotación figurou de forma reiterada entre as recoñecidas nos premios Exceleite. Javier Vázquez non atribúe estes resultados a unha única medida, senón á suma de selección, alimentación, limpeza, saúde podal, mantemento das camas e rutina de muxido. "Cantos menos problemas teñan as vacas, máis fácil é o traballo. Isto é constancia, día a día", resume o xa anterior propietario.

DOUS MUXIDOS E UNHA RUTINA MOI DEFINIDA

Malia que José Manuel xa pensa nunha posible futura robotización, polo de agora continúan traballando cunha sala de muxido en espiña de peixe 6x2, unha instalación que considera suficiente para o tamaño actual do rabaño.

Realizan dous muxidos diarios, ás seis da mañá e ás seis da tarde. Cada un ocupa arredor dunha hora e corenta e cinco minutos, aos que se engade o tempo necesario para a limpeza da sala.

A rutina comeza co despunte dos primeiros chorros, continúa co lavado e o secado de cada teto, a colocación das unidades de muxido e remata coa aplicación do selador. Tamén traballan con secado selectivo, decidido de forma individual para cada animal a partir dos seus datos sanitarios e de células somáticas.

A monitorización é unha das principais novidades dos últimos tempos. Os colares instaláronse antes de que José Manuel asumise a explotación para que, chegado xaneiro, xa tivese o sistema funcionando. "Canta máis información tes, mellor. Ter os animais controlados as 24 horas dáme moita tranquilidade. No meu día libre podo mirar o teléfono e saber como está todo", explica.

COMER DENTRO, SAÍR FÓRA

A alimentación das produtoras baséase nunha ración *unifeed* que adoita compoñerse de 26-28 quilos de silo de millo, 16-18 kg de silo de herba e uns 7 kg de concentrado.

"O obxectivo é traballar con moi boas forraxes e meter o mínimo concentrado posible", insiste José Manuel. É unha idea herdada directamente da etapa de Javier, que lembra como a calidade dos silos lles permitiu manter producións elevadas mesmo en épocas de prezos baixos reducindo a dependencia de alimentos comprados.

A ración distribúese unha vez ao día mediante un servizo externo de carro mesturador. Pero en Casa Menor a alimentación non remata no presebe. Sempre que as condicións o permiten, as vacas teñen acceso ao exterior e poden decidir se permanecen dentro ou saen ás parcelas próximas.



A ración das vacas de leite componse de 26-28 quilos de silo de millo, 16-18 kg de silo de herba e uns 7 kg de concentrado



Moxen nesta sala 6x2 dúas veces ao día



50 años
SAN CRISTOBAL
1975 - 2025

MUELLER

- *Tanques verticales*
- *Tanques horizontales*
- *Unidades de refrigeración*
- *Preenfriadores de tubos*
- *Preenfriadores de placas*
- *Recuperadores de calor*
- *Controladores de granja*
- *Generadores de frío*





Silo 30.000 L

Motores E-Start

Preenfriador Pipe Cooler







Tanques de frío horizontales

Monterroso (Lugo) - Negreira (A Coruña)
Telf: 982377103 - 699468985 - 697486779
www.scristobalsl.net
@sancristobalsl

Nuestras otras marcas:

Urban · etxeholz · SAC · Agritubel · BouMatic


Ensilan todos os seus cultivos en cinco silos como este de trincheira


Destinan a millo unhas 30 hectáreas e outras tantas a herba; concretamente, a unha mestura de raigrás inglés con trevo

Durante o verán, as portas ábrense tras o muxido da mañá e, no inverno, saen desde o mediodía ata a hora de comezar de novo o traballo da tarde. "Elas escollen. Poden comer dentro, deitarse nas camas ou saír ao prado. Son libres", explica José Manuel.

O pastoreo obriga a axustar a ración, sobre todo durante a primavera, pero considera que os seus beneficios compensan esa maior atención. Destaca o seu efecto sobre as patas e o comportamento dos animais. "Están máis alegres fóra que enriba do cemento. Por que non darlles esa liberdade e esa redución do estrés?", comenta o gandeiro.

Tanto as secas como as xovencas preñadas tamén dispoñen de acceso ao exterior durante boa parte do día.

A BOA FORRAXE COMEZA NA PARCELA

Casa Menor traballa arredor de 60 hectáreas, practicamente todas moi próximas ás instalacións. A leira máis afastada atópase a uns dous quilómetros e unhas 20 hectáreas concéntranse na contorna inmediata da granxa, unha distribución que facilita moito os traballos.

> JOSÉ MANUEL GARCÍA: "NECESITAMOS QUE AS VACAS COMAN. SE A VACA COME, VAI PRODUCIR E VAI TER SAÚDE"

Aproximadamente 30 hectáreas destínanse a herba e outras tantas a millo. Nas praderías traballan con raigrás inglés e trevo e buscan, ante todo, calidade.

O primeiro corte de herba inténtase facer a finais de marzo ou durante os primeiros días de abril. O segundo chega arredor dun mes despois e, se o ano o permite, fan un terceiro a finais de maio ou comezos de xuño, ademais de reservar parte para herba seca.

A súa referencia para o primeiro corte está por enriba do 20 % de proteína e arredor do 30 % de materia seca. "Tivemos silos do 23 % de proteína. O importante é facelos cedo para buscar calidade", sinala José Manuel.

No millo aproveitan que boa parte das parcelas permanece libre durante o inverno para poder sementar cedo. Traballan con ciclos longos, arredor de 550, buscando rendemento, amidón e dixestibilidade. En 2025 obtiveron unha media aproximada de 56 toneladas por hectárea.

"Necesitamos que as vacas coman. Se a vaca come, vai producir e vai ter saúde", sintetiza.

Os veráns secos están obrigándoos tamén a modificar o manexo das praderías permanentes. Cando o raigrás perde densidade, realizan resementeiras superficiais de raigrás e trevo a finais do verán ou principios do outono e aplican despois xurro para favorecer a súa implantación. Con iso buscan prolongar a vida útil das praderías antes de renovalas por completo.

MAQUINARIA, SÓ A IMPRESCINDIBLE

A diferenza de moitas explotacións cunha base territorial similar, Casa Menor apenas dispón de maquinaria agrícola propia. Teñen equipos para distribuír o xurro e rozar as praderías, pero contratan a empresas de servizos os principais labores: preparación do terreo, sementeiras, colleitas e ensilados.

José Manuel formúlao como unha decisión ligada tanto aos custos como, sobre todo, á dispoñibilidade de tempo e persoal.

"O tempo fainos falta para o manexo do rabaño. O que temos que atender son os animais. É un gasto contratar os traballos, pero compensa. Doutra forma necesitariamos xente e maquinaria para todo", detalla.

A proximidade das parcelas contribúe tamén a simplificar o sistema. Javier sempre lle deu prioridade a incorporar terreos próximos e continúa defendendo esa estratexia: "Nesta granxa practicamente non hai desprazamentos. Ter as leiras preto para min é fundamental".


Na nave máis antiga atópanse as secas, as xovencas e parte da recría



BouMatic®

For the life of your dairy™

GEMINI Up MAX

EL BATCH MILKING

más compacto del mercado

- Cada grupo de vacas es guiado a horas fijas a la zona de ordeño robotizado
- El proceso de ordeño totalmente automatizado sólo requiere de una persona
- Ordeño garantizado de todas las vacas para obtener los mejores resultados
- Zona de trabajo centralizada para la revisión de animales con alguna alerta

Grupanor - Cercampo S.A
Azufre 4
Torrejón de Ardoz
Madrid 28850
91 656 17 48 Mov .: 609 277 617
pedrojdiaz@grupacer.com

FRIOR S.L.
Pol. Industrial Pedrapartida
parcela 17
Coirós, A Coruña 15316
981 774 500 Mov .: 616 029 988
www.frior.com



"SEMPRE FOI COS TEMPOS, PERO SEN DEIXARSE LEVAR POLAS MODAS E TENDO MOI CLARO QUE TODO DEBÍA SER RENDIBLE"

VÍCTOR MANRIQUE

Asesor de Alimentación en Casa Menor

Desde cando traballas con Casa Menor e como lembras aqueles primeiros anos?
Levo uns 20 anos traballando con Casa Menor. Desde o principio tiven moi boa sintonía con Javier. Foi unha persoa que me axudou a progresar tanto profesional coma persoalmente. Naquela época era unha explotación grande, porque xa muxía 60 ou 70 vacas. Sempre traballamos cóbado con cóbado, consensuando as decisións, e creo que ambos nos beneficiamos desta relación.

Como viches evolucionar a gandería durante todo este tempo?
É unha granxa particular, porque a súa evolución non se baseou en aumentar moito o número de animais. Hai 20 ou 25 anos podía muxir unhas 75 vacas e hoxe está arredor de 80-85. Onde si medrou moitísimo é en superficie e iso permitiulle xestionar as forraxes doutra maneira.

Hai terreos específicos para millo, outros para herba con praderías permanentes e mesmo zonas de pastoreo. Isto, unido á selección xenética que fixo Javier, permite producir moito leite utilizando unha elevada proporción de recursos propios e reducindo a dependencia do exterior. Para min, esa é unha das grandes fortalezas de Casa Menor.

Como viviches a remuda entre Javier e José Manuel?
Creo que existe unha sintonía absoluta e que aí pode estar unha das claves do éxito desta transición. Son dúas persoas que comparten a filosofía e o sistema de produción. Evidentemente, non hai dúas persoas iguais, pero a nivel profesional a relación é moi boa.

Ademais, non foi algo improvisado dun día para outro. Javier e José Manuel xa tiñan unha relación estupenda como propietario e traballador. Houbo convencemento por ambas as partes e, dadas as súas características e a súa maneira de entender a produción, creo que foi unha sucesión moi natural.

Que papel tivo historicamente a alimentación nesta gandería?
Fundamental. Javier sempre tivo moi claro o modelo que quería. Foi comprando e concentrando superficie arredor da explotación e hoxe case todas as leiras están moi próximas. Iso supón unha enorme vantaxe para cultivar, repartir xurro e xestionar as parcelas.

Grazas a iso dispoñemos sempre de forraxes excelentes. O millo ten unha produtividade moi alta e permite buscar unha gran calidade, e nas praderías fanse cortes relativamente temperáns e frecuentes para obter herba con moita proteína e dixestibilidade.

Iso permite que gran parte da ración se basee en forraxes. Chegar a produción de 35-36 litros cuns 7 quilos de concentrado só é posible con materias primas de moita calidade. Ademais, isto non afecta tan só á produción e ao custo, tamén repercute na saúde, na reprodución e na lonxevidade dos animais.

Como son actualmente as racións?
Nas vacas en produción intentamos introducir a máxima cantidade posible de millo e herba mantendo unha ración equilibrada. Estamos en 26-28 quilos de silo de millo, 16-18 quilos de silo de herba e uns 7 quilos de concentrado, dependendo sempre da humidade e calidade das forraxes.

O consumo aproxímase aos 26,5-27 quilos de materia seca. É unha ración eficiente, relativamente económica e que contribúe tanto á produción como á saúde dos animais.

Nas xovencas e secas ten bastante importancia o pastoreo. Hai unhas 11 hectáreas arredor da granxa e saen practicamente todos os días. Despois complementamos con silo de millo, forraxe seca, vitaminas, minerais e unha pequena cantidade de concentrado.

Que buscades especialmente nas forraxes?
No millo prestamos moita atención á enerxía, á dixestibilidade da fibra e do amidón, pero tamén ao procesado durante o ensilado e á conservación, porque é fundamental evitar perdas.

Na herba buscamos cortar nun bo estado vexetativo e facelo cedo. Se o tempo o permite, o primeiro corte realízase a finais de marzo ou principios de abril, o segundo en maio e, nalgúns anos, mesmo un terceiro. Tamén producen unha herba seca de excelente calidade destinada especialmente ás xatas máis novas.

Máis alá de formular as racións, en que consiste o teu traballo en Casa Menor?
Revisamos consumos, inxestións e produción, pero tamén parámetros reprodutivos, crecemento das xatas ou posibles problemas sanitarios. Na época de traballos de campo seguimos a evolución da herba e do millo e intentamos decidir o momento óptimo de colleita.

Agora tamén estamos facendo especial fincapé nos sólidos, graxa e proteína, porque a empresa á que subministran actualmente o leite ten unha elevada esixencia nestes parámetros e existe unha repercusión económica importante.

Que aspectos queredes seguir mellorando?
Sempre se pode avanzar na calidade e conservación das forraxes. En produción buscamos maximizar o rendemento cos consumos actuais e manter altos niveis de sólidos.

Na recría, o obxectivo é que as xovencas cheguen ao primeiro parto arredor dos 23-24 meses e sexan animais produtivos, e, nas vacas secas, evitar problemas posparto e conseguir que arranquen ben a seguinte lactación.

Despois de tantos anos traballando con Casa Menor, que cres que explica os seus resultados?
A evolución de Casa Menor está moi ligada ao sentido común de Javier. Eu sempre dicía que era un adiantado ao seu tempo. Hai 15 ou 20 anos dáballes leite ás xatas tres veces ao día cando practicamente ninguén o facía. Se lle preguntabas por que, respondía: "Porque teñen fame".

Tamén empezou a cortar herba en marzo cando arredor case se rían porque parecía que estaba "cortando o céspede". El dicía que, cando chovese en abril, vería medrar a súa seguinte herba mentres os demais vían como a súa se deitaba.

Coa xenética ocorría o mesmo. Tiña moi claros os seus obxectivos e descartaba, por exemplo, touros con malos datos de células porque estaba convencido de que a mamite tiña un compoñente familiar.

Sempre foi cos tempos, pero sen deixarse levar polas modas, e tendo moi claro que todo debía ser rendible. Para min é un excelente gandeiro e, ademais, unha boa persoa. Javier e mais eu practicamente medramos profesionalmente xuntos. Con José Manuel levamos menos tempo, pero creo que existe a mesma sintonía e confío en que a granxa continúe nesa liña, co mesmo éxito.

Pulpa prensada de remolacha

Asegure ahora su volumen para la campaña 2026/27

La campaña comienza en octubre.
Realice su pedido ahora y obtenga:

- Reserva del volumen que necesita,
- Entregas adaptadas a su planificación e instalaciones,
- Disponibilidad asegurada durante la campaña.

La pulpa prensada también esta disponible en **MICROSILOS** durante todo el año.



Póngase en contacto con nuestro responsable de ventas, **Luis Torés**.
658463156 **www.duynie.com**



Enchen as camas con serraduras e carbonato cada quince días

EN ABRIL DE 2026 COMEZARON A ENTREGAR O LEITE A ENTREPINARES

O DESCANSO COMO PRIORIDADE

Os animais distribúense fundamentalmente entre dúas naves. A principal alberga as 80 vacas en produción, divididas en dous lotes dunhas 40 cabezas. Na segunda atópanse as secas, as xovencas e parte da recría. As xatas máis pequenas pasan nun principio por boxes individuais e despois por pequenos grupos dun máximo de seis animais.

Na nave de produción dispoñen de 40 cubículos e 40 cornadizas por lote. As camas énchense cunha mestura aproximada dun 70 % de serraduras e un 30 % de carbonato e repóñense, como norma xeral, cada quince días.

"É un custo, pero os animais son a prioridade. Se eles están ben, nós imos ben. O descanso e a comida son fundamentais", afirma José Manuel.

O control do estrés térmico realízase mediante ventiladores e aspersores. Os primeiros comezan a funcionar a partir dos 23 °C e a aspersión entra en funcionamento a partir dos 24,5 °C. Ademais, aplicaron poliuretano sobre a cuberta da nave, unha actuación coa que estiman reducir entre cinco e seis graos a temperatura interior durante os días máis calorosos.

A limpeza dos corredores realízase mediante unha arrobadeira de cadea que pasan unhas tres veces ao día. Tamén dispoñen de cepillos nos diferentes lotes e dunha zona que funciona como parideira e enfermería.

A explotación conta ademais con cinco silos —habitualmente dous para herba e tres para millo— e tres fosas de xurro cunha capacidade total de preto dun millón de litros. A iso súmanse placas fotovoltaicas instaladas hai dous anos, coas que José Manuel cifra unha redución notable do gasto eléctrico.

UN NOVO DESTINO PARA O LEITE

Durante moitos anos, Casa Menor entregoulle a súa produción a Pascual, unha relación que se remontaba aínda á etapa de Javier. En abril de 2026, xa con José Manuel á fronte, decidiron cambiar de comprador e comezaron a entregar o leite a Entrepinares.

Foi unha das primeiras decisións relevantes tomadas tras a remuda. "Foi difícil tomala, pero por outra parte foi fácil", recoñece.

En setembro, o prezo base situábase en 45,50 céntimos por litro, ao que se engadían as primas por calidade e o IVE.

A busca de sólidos tamén está integrada na súa estratexia xenética. José Manuel intenta evitar touros negativos en graxa e proteína e foi incorporando de forma maioritaria animais A2A2, aínda que sen converter este carácter nun requisito excluínte.

"Se aparece un touro que me encanta por outros trazos, non vou descartalo porque non sexa A2A2, pero, tendo posibilidade de elixir, arredor do 95 % dos que utilizamos xa o son", explica.



Ter os animais controlados as 24 horas cos colares dálles moita tranquilidade

A xenética da túa granxa merece o mellor leite

XESGA

Servicio de Xenotipado

GeneticVisions-ST™



Información xenómica do animal grazas á tecnoloxía de **ST Genetics®**, a máis avanzada do mercado, que ofrece unha lectura precisa do ADN bovino para identificar o potencial xenético real de cada animal.

TEST XENÓMICOS + CHROMOSOMAL MATING

Toda a información para tomar as túas mellores decisións

- **Optimiza o PPV (valor futuro previsto)**
- **Enfocado a obter a máxima rendibilidade económica de todo o rabaño**
- **Minimiza a consanguinidade e maximiza a rendibilidade**

STgenetics + DISTRIGEN

Leites maternizados:

Specilait Arranque Calostrado



Milkiter Spray 60



Pensos primeiras idades

Bovitrack Starter K1 Fariña | **Bovitrack Starter K-Copos** | **Bovitrack Terneiras K2 Granulado**



Xenética e Servicios Gandeiros S.L.U.
MILLADOIRO
Rúa Castiñeiras, nave 112-A2
Polígono Ind. Milladoiro
AMES (A Coruña)
Tel. 981 941 794 | 609218992
xesga@xesga.net
www.xesga.net

Santa Comba
AC-400, Catro Ventos,
15840 Santa Comba
(A Coruña)
Tel. 981 880 972

Carballo
Av. Finisterre, 77,
15100 Carballo (A Coruña)
Tel. 981 701 444

Teixeiro
A Cancela, Crta, N-634, s/n,
15310 Teixeiro (A Coruña)
Tel. 981 789 493

Muimenta
Pol. Ind. Parc.I-4, 27377
Muimenta-Cospeito (Lugo)
Tel. 982 528 114

Lalín
Rúa Nuno Eanes de Cercio,
50, 36500 Lalín
(Pontevedra)
Tel. 986 792 373

XESGA

MANTERSE ANTES QUE MEDRAR

Tras asumir a dirección da gandería, José Manuel non se propón unha carreira por aumentar o número de animais. A súa primeira resposta cando se lle pregunta polo futuro é moito máis sinxela: "Sostela".

Manter o actual nivel de funcionamento e consolidar un bo equipo de traballo son as súas prioridades. Hoxe traballan tres persoas, con dous días libres semanais e un mes de vacacións. Chegar ata esa organización non foi fácil. Durante os primeiros meses tras a remuda tivo dificultades para completar o cadro de persoal e a súa familia tivo que botar unha man nos muxidos. "Para min, atopar persoal era a maior preocupación", recoñece.

Precisamente a dispoñibilidade de traballadores condicionará moitos dos próximos investimentos. A incorporación dunha amamantadora xa está sobre a mesa e a robotización do muxido aparece como unha posibilidade a medio prazo. José Manuel admite que non era a súa intención inicial, pero cre que pode acabar sendo necesaria para reducir a dependencia de man de obra e mellorar a organización das xornadas.

"Se queremos seguir moitos anos, teremos que ir cara á robotización. Non porque queiras, senón porque aquí non podes estar as 24 horas do día", aclara.

A chegada de robots implicaría aumentar algo o número de vacas para rendibilizar o investimento. Fóra dese suposto, non pensa medrar de forma significativa.



Incorporará proximamente unha amamantadora para a recría

> JOSÉ MANUEL GARCÍA: "SE QUEREMOS SEGUIR MOITOS ANOS, PROBABLEMENTE TEREMOS QUE IR CARA Á ROBOTIZACIÓN, PORQUE AQUÍ NON PODES ESTAR AS 24 HORAS DO DÍA"

"Con isto é suficiente se o facemos ben. Quero ter os animais o mellor atendidos posible e manter o equipo", afirma.

Esa preocupación pola man de obra enlaza de novo coa singular historia da remuda de Casa Menor. José Manuel cre que o sector necesita fórmulas que permitan traballar con horarios, descansos e condicións capaces de atraer a máis persoas. Tamén reclama que se facilite a incorporación de traballadores que, como ocorreu no seu caso, estean dispostos a dar un paso adiante cando o propietario dunha explotación viable se xubila.

Porque a súa propia traxectoria demostra que a continuidade dunha gandería non ten por que levar sempre os mesmos apelidos. Ás veces a remuda xa está dentro, traballando cada día entre as vacas, e só fai falta que atope a oportunidade de quedar. ■



As dificultades para atopar persoal provocaron que José Manuel estea pensando en robotizar o muxido



MS AutoHoofClean

Cuidado automático de pezuñas


Descúbre MS AutoHoofClean

Más de 3500 sistemas instalados en toda Europa

- ☑ Reducción de la dermatitis digital
- ☑ Máximo rendimiento animal
- ☑ Tratamiento continuo
- ☑ Uso automático 24/7
- ☑ Baño limpio a cada pasada

Protege las pezuñas y asegura cada litro de leche

Analiza la evolución de las pezuñas en la app HyCare



MS Schippers


Schippers Agrícola, S.L.
Ctra. Montmeló, 76, 08403 Granollers (Barcelona)
931 816 433 | info.es@schippers.eu | www.schippersweb.com

Casa Menor 1614

Boimorto (A Coruña)

PRODUCIÓN

Animais en total: **150**
Vacas en muxido: **80**
l/vaca/día: **36**
Graxa: **4,20 %**
Proteína: **3,50 %**




INSTALACIÓNS

Muxido: **sala 6x2 en espiña de peixe**
Número de muxidos: **2**

Camas de produtoras: **70 % de serraduras e 30 % de carbonato**

Fosas: **3, descubertas**
Capacidade: **1 millón de litros**




REPRODUCIÓN E XENÉTICA

Media de idade na 1.ª inseminación: **14 meses**

Media de inseminacións por preñez: **2**
Periodo de espera voluntario: **mínimo de 90 días**
Media ICO: **1.160 puntos**

Parámetros con prioridade: **funcionalidade, ubres, patas, saúde e lonxevidade**



CULTIVOS E ALIMENTACIÓN

60 hectáreas

- 30 ha: millo
- 30 ha: herba, principalmente raigrás inglés e trevo

Sen rotación

Racións:

- **Vacas de produción**: 26-28 kilos de silo de millo, 16-18 kg de silo de herba e uns 7 kg de concentrado
- **Vacas secas**: mestura de silo de millo, forraxe seca e pequena cantidade de concentrado


Combinan estas racións con pastoreo



VENDA DO LEITE

Entrepinares

Prezo do leite: **0,455 €/l + calidades e IVE**



El bienestar animal siempre marca la diferencia

Productos e instalaciones pensados para el confort, la salud y la productividad de tus animales







GANADERÍA

Productos para el **bienestar** y el **rendimiento** de tus animales.

MEDIO AMBIENTE

Gestión de purines y soluciones para una ganadería más sostenible.

INGENIERÍA

Proyectos para construir la ganadería que necesitas.

COW-WELFARE™ Passion for your Cows

JOURDAIN

CRI-MAN® PROFESSIONALS AT WORK

ARIENTI Improving livestock welfare and performance

animat

LA BUVETTE Le spécialiste de l'abreuvement

HUESKER Ideas. Ingenieros. Innovación.

2027 figan

Pídenos tu entrada por **WhatsApp** en el **683 61 24 06**

etxeholz

www.etxeholz.com

+34 948 98 33 90

etxeholz@etxeholz.com

+34 683 61 24 06